


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

18-19 de novembro do 2023

XXXIII ORDINARIO A



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **Que ledos hoxe estamos**

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Hoxe enseguida podemos escusarnos dicindo “non sei”, “non valo”, “non podo”. Para Xesús todos sabemos, todos valem e todos podemos.

Isto é o que nos amosa a parábola dos talentos que neste día imos escoitar.

Cada un de nós temos unhas calidades que temos que coidar e facer medrar para poñelas ao servizo de todos.

Non podemos deixarnos levar polo egoísmo nin esconder os nosos valores, senón que temos que facer que dean froitos poñéndoos ao servizo da nosa comunidade para facela máis rica e chea de vida.

Comecemos a celebración atentos á nosa responsabilidade coa nosa parroquia, pois para facer unha comunidade mellor todos podemos e todos valem. Está nas nosas mans facelo mellor.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Deus pon en cada un de nós uns talentos, uns dons, unhas capacidades. Pero moitas veces deixamos que murchen e esmorezan, sen poñelos a render, por iso agora queremos pedir perdón porque debemos facelo mellor:*

Monitor/a

➤ Pedimos perdón polas veces que nos acomodamos e non poñemos todos os nosos talentos na tarefa de ser respectuosos e tolerantes

Señor, ten misericordia de nós

➤ Pedimos perdón polas veces que nos acomodamos e non poñemos todos os nosos talentos na tarefa de dar exemplo de paz

Cristo, ten misericordia de nós

➤ Pedimos perdón polas veces que nos acomodamos e non poñemos todos os nosos talentos á hora de compartir as dores e os sufrimentos da xente

Señor, ten misericordia de nós

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior; doémonos co nada que vale a vida nas terras de Palestina e Israel. Podemos preguntarnos cal é a tarefa que Deus espera de nós. (silenzio)*

Deus, Noso Pai, cheo de tenrura e misericordia, non hai outra felicidade plena e perpetua senón a de te servir a Ti, creador de todos os bens.

Concédenos vivir sempre alegres no teu servizo, sendo man de irmáns para todos.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, sabendo como el compartiu no medio de nós, e que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *O Libro dos Proverbios pon como modelo á muller que asume con responsabilidade os seus traballos para ser exemplo para todos. A muller dá nos exemplo.*

Na parábola dos talentos, Xesús chámáanos á responsabilidade de coñecer e facer medrar as nosas calidades para que tamén nós poidamos ser e dar exemplo de paz nestes momentos nos que a vida non vale nada nas terras de Palestina e Israel.

LECTURA DO LIBRO DOS PROVERBIOS

Unha muller xeitosa, quen a atopará?:
o seu valer supera o das perlas.

O seu marido pon nela a confianza
e non lle han faltar ganancias;
procúralle felicidade, e non desgraza,
todos os días da súa vida.

Consegue lá e liño,
e traballa gustosa coas súas mans;
bota as mans á roca
e os seus dedos manexan o fuso.

Tende a palma ao indixente
e achega as súas mans ao mendigo.

A graza engana e a fermosura esvaece:
só a muller que teme ao Señor merece ser louvada.
¡Que falen por ela as obras das súas mans,
e os seus feitos lle dean honra na praza!.

Palabra do Señor

🎵 n° 18 *Escoita ao Señor*



PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos esta parábola:

- Un home que, tendo que saír de viaxe, chamou polos seus criados e deulle o coidado da súa facenda. A un deulle cinco talentos, a outro dous e a outro un, a cadaquén segundo a súa capacidade; despois marchou.

De seguida, o que recibira cinco talentos foi negociar con eles e gañou outros cinco. Do mesmo xeito o que recibira dous, gañou outros dous. Pero o que recibira un foi cavar un burato na terra e escondeu os cartos do seu amo.

Ao cabo de moito tempo chegou o señor daqueles criados, pedíndolles contas. Chegou o que recibira cinco talentos e presentoulle outros cinco dicindo: "señor, cinco talentos me entregaches, velaquí outros cinco que gañei". Díxolle o señor: "Ben, criado fiel e cumpridor; xa que fuches fiel no pouco, poñereite á fronte do moito: pasa a disfrutar da festa do teu señor".

Chegou o que recibira dous talentos e dixo: "señor, dous talentos me entregaches, velaquí outros dous que gañei". E díxolle o señor: "Ben, criado fiel e cumpridor; xa que fuches fiel no pouco, poñereite á fronte do moito: pasa a disfrutar da festa do teu señor".

Chegou tamén o que recibira un talento e díxolle: "señor, sei moi ben que es un home duro, que colleitas onde non sementaches e recolles onde non botas. Por iso collín medo, e fun agachar na terra o teu talento; aquí tes o que é teu".

Pero o señor respondeulle: "¡Mal criado, lacazán! Conque sabías que seituuro onde non semento e recollo onde non boto? Pois, poñías os meus cartos no banco e, así, cando eu volveuse, podía coller os cartos e mailos intereses. Así que quitádelle o talento e dádello ao que ten dez. Porque ao que ten, háselle dar e abondo; pero ao que non ten, aínda o que ten se lle ha quitar. E ao criado inútil botádeo fóra á escuridade, onde será o pranto e mailo renxer dos dentes".

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



(en pé) PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial queremos recoñecer os nosos talentos e poñelos ao servizo dos demais, por iso damos resposta coa nosa fe dicindo:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Crede en Deus Pai e Nai,
que sen facer diferenzas nos enche a todos co talento do seu amor?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede en Xesús,
que nos convida a ser responsables con nós mesmos, cos demais e coa natureza?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede no Espírito Santo
que alenta a fuxir das comodidades e que empuxa a colaborar construindo unha sociedade máis comprometida coa verdadeira paz?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede na igrexa,
comunidade que necesita das nosas mans, dos nosos talentos, neste momento que nos toca vivir no que nos damos conta de que a vida non vale para todos igual?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos xuntos, con confianza naquel que nos ensina a ser responsables e formar comunidade tratando a todas as persoas con dignidade. Dicimos:*

Acolle Señor a nosa oración

Monitor/a:

- ✓ Para que cada un, na comunidade, na parroquia, saibamos recoñecer o noso don particular, e o traballemos para medrar nós mesmos, e para que con nós medren os demais, oremos
- ✓ Para que na Igrexa non enterremos o gran don que Deus nos puxo nas mans, “o evanxeo de Xesús”, oremos
- ✓ Para que sexamos responsables na nosa vida, e o fagamos de xeito que medre a paz, lonxe do esperpento que estes pasados días nos deixa a política, oremos
- ✓ Para que nunca desprezemos a ninguén por pouco ou pequeno que nos pareza, e saibamos descubrir os dons de cada quen, oremos
- ✓ Para que no respecto por cada vida se vaia facendo mellor na loita contra os abusos, e se vai facendo mellor nas terras de Israel e Palestina. Oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque hoxe acolles as nosas preocupacións e desexos axudándonos cos talentos que pos en cada un de nós. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Ao Deus que confía en nós para construír camiños de paz e que non nos quere calados ante os abusos, nin ante o pouco que vale a vida en Palestina e Israel, rezámoslle co que aprendemos en Xesús:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante *Todos temos talento para mirar polos demais, temos talento para poñernos no lugar dos outros. Non importa se se é home ou muller, rico ou pobre, de aquí ou de alá, ... Todos temos talentos, pero non serven de nada se os enterramos.*

As nosas mans tendidas uns para os outros son os talentos que agora compartimos, por iso con corazón de irmáns deámonos a paz.

 **Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *A fe que compartimos amósanos que Xesús nos ofrece o mellor que ten, a súa vida. Participemos hoxe nesta mesa tratando de poñer os nosos talentos ao servizo da comunidade. Sintámonos ditosos por estar convidados a este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 *O pouco que Deus nos dá*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, dámosche as grazas porque hoxe, como familia, podemos compartir os froitos e talentos da nosa fe.

Suplicámosche humildemente que esta celebración na que facemos memoria da vida do teu Fillo, nos faga medrar no teu amor.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén.

Recordando as palabras da lectura de hoxe, todos temos a responsabilidade de ter un trato acolledor, xusto e digno con todas as mulleres.

Con Xesús queremos dar froito aos nosos talentos pois será o mellor xeito de ser crentes, e será o mellor xeito de facer crible o evanxeo.

Con Xesús, na nosa comunidade de Os Cotos, queremos poñer da nosa parte o seguir dando froitos de paz pois é un talento que non podemos enterrar.

Avísase das misas (ver follas do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

Podémonos ir en paz



"¡Señor, cinco talentos me deches, para que con eles dea froitos!"

Fagamos as cousas ben e con responsabilidade para que o Señor nos recoñeza nos nosos feitos.

XUNTOS FACEMOS POBO

Nunca digas:

non sei, non valo, non podo,
non teño forzas, eu non entendo,
esas cousas son para os que saben ...

Para facer pobo e terra,
todos valemos, sabemos e podemos.

Se téis cinco, pon cinco;
se téis dous, pon dous; se téis un, pon un.

Se es cego, ten man do coxo;
se es coxo, guía ao cego;
se es coxo e cego, daquela... canta!,
que non é pouco en tempos de tristura e desencanto.

Sé valente e humilde
para descubrir e recoñecer o teu don;
acéptao, e acéptate a ti con el.

Se Deus che deu corazón,
que o teu corazón non falle na hora da irmandade.

Se Deus che deu ledicia,
que a túa ledicia non falle no festexo dos pobres.

¡Anímate!

Xuntos facemos pobo,
xuntos facemos igrexa,
xuntos facemos Os Cotos.